



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a los problemas de conexión móvil y de datos en el Concello de Tomiño, situado en una zona transfronteriza.**

Tomiño no dispone de un servicio de telefonía móvil adecuado debido a su escasa cobertura, en muchas ocasiones casi inexistente, que afecta a diferentes núcleos de población del municipio que suman más de 7000 habitantes, es decir, el 50% del total del municipio.

En gran parte del territorio del municipio la cobertura es nula, en otros lugares la señal es muy débil, lo que implica cortes continuos durante las conversaciones o que la calidad de la voz enviada y recibida sea mala, cuestiones ambas que dificultan enormemente mantener la comunicación.

Esta situación obliga a muchos de los afectados a utilizar conexiones a través de operadores portugueses, ya que el Concello de Tomiño limita con Portugal al otro lado del río Miño, pero esta solución no resuelve del todo el problema porque, en ciertos lugares, su señal también llega con debilidad.

La situación de mala o nula cobertura es particularmente grave en el entorno de los núcleos de Freixoal, Pinzás, Cristelos, Vilachán do Monte, A Chan, Carregal, Forcadela, Sobrada, O Couto, Tollo, Fontenla, Amorín o Currás. De hecho, existe toda una zona oscura a lo largo del río Miño que requeriría la adopción de medidas para acabar con la deficiente conexión digital.

El llamado efecto frontera deja prácticamente sin cobertura a las parroquias situadas en la frontera y próximas al río Miño. La imposibilidad de una conexión telefónica y de datos hace inviables trámites tan comunes como pedir una cita médica, realizar o recibir pagos, realizar tareas escolares y enviarlas al aula digital o hablar con familiares.



Asimismo, la falta de conexión móvil afecta significativamente a las actividades comerciales y económicas, entre las que destaca el sector de la floricultura y de las plantas ornamentales, uno de los principales motores económicos del Concello de Tomiño.

También afecta negativamente a la seguridad vial, ya que las miles de personas que circulan a diario por la PO-552, la carretera que une la comarca del Bajo Miño con la autovía A-55, se quedan sin cobertura en este tramo y, por tanto, sin acceso a aplicaciones de navegación o GPS.

Los vecinos de las zonas afectadas explican que, para obtener cobertura telefónica, tienen que acudir a zonas elevadas, lo que dificulta enormemente su vida diaria, particularmente en el caso de las personas mayores, escolares, autónomos, comercios o servicios médicos, así como realizar trámites online, entre otros.

El Concello de Tomiño, gracias a su dinamismo económico y a sus características sigue aumentando su población, pero, para ofrecer una adecuada calidad de vida tanto a los nuevos como a los antiguos residentes, es imprescindible tener un acceso a la telefonía móvil y con conexión de datos de banda ancha.

Por ello, el Ministerio para la Transformación Digital debe incluir entre sus prioridades la mejora de las comunicaciones y la cobertura de telefonía móvil en zonas transfronterizas como Tomiño para evitar así el aislamiento de miles de personas en pleno siglo XXI. De hecho, lograr unas buenas telecomunicaciones, también en las zonas rurales, es una de las principales medidas para frenar o revertir la despoblación.

Desde 2020, el Ayuntamiento de Tomiño ha llevado a cabo innumerables trámites y actuaciones encaminadas a conseguir una solución al problema de la falta de cobertura móvil. Así, ha remitido escritos a los diferentes operadores de telefonía, a la Subdelegación del Gobierno de Pontevedra, a la Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales, comunicando el mapa de zonas oscuras de cobertura en el municipio, así como a la Xunta, a la FEGAMP e incluso a la Defensora del Pueblo, sin que, por el momento, tenga constancia de que se haya puesto en marcha ninguna medidas o actuación para poner fin al problema.

El propio Defensor del Pueblo Transfronterizo ha remitido un escrito a la Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales, explicando con detalle los



problemas de desconexión que sufren los habitantes del municipio de Tomiño, en el que también apuntaba a la necesidad de estudiar opciones específicas, como las que ya se aplican en otros países, con infraestructuras compartidas. Así, el Defensor del Pueblo Transfronterizo ha instado al Gobierno a adoptar medidas para mejorar la conectividad en Tomiño, una medida que reforzará la cohesión territorial, impulsará el desarrollo económico y social y la cooperación transfronteriza entre el Estado español y portugués.

Sin embargo, el Ministerio de Transformación Digital ha respondido al Defensor del Pueblo Transfronterizo en una línea similar a la respuesta ofrecida al BNG, limitándose a reafirmar su compromiso con la conectividad en las zonas rurales para lograr una mayor cobertura de servicios de telefonía móvil y de internet de banda ancha. Sin embargo, no ofrece ninguna solución a la falta de conexión de telefonía móvil en áreas próximas a la frontera de Tomiño. Además, continúa afirmando que, según los datos de los operadores, en Tomiño existe cobertura de telefonía móvil 4G o 5G «prestada, al menos, por un operador», a la vez que admite que no ha comprobado si se trata de una cobertura «en términos de calidad adecuada».

Se excusa en cuestiones relacionadas con la orografía del terreno o la «pérdida de calidad en el interior de las viviendas» para alegar las zonas de sombra sin ofrecer, en ningún momento, posibles soluciones ni su disposición a estudiar modelos como los mencionados por el Defensor del Pueblo Transfronterizo.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Ante los persistentes problemas de conectividad, apagones, desconexiones, mala cobertura móvil y oscuridad digital que padecen muchos de los núcleos del Concello de Tomiño, que afectan a más de 7000 personas, lo que representa más del 50% de la población del municipio, qué medidas está estudiando o prevé implementar el Ministerio de Transformación Digital que permitan dar solución a la falta de cobertura móvil?
2. ¿Sabe que muchas personas han acudido incluso a contratar los servicios de operadores portugueses por ser zonas limítrofes con Portugal, pero que, aun así, las deficiencias persisten debido que la señal llega con debilidad?
3. ¿Es consciente de que la mala o nula cobertura se produce especialmente en parroquias



situadas en el área fronteriza, el llamado «efecto frontera», detectándose una zona oscura de cobertura móvil a lo largo del río Miño?

4. ¿Es consciente de que la falta de cobertura impide realizar trámites comunes de la vida diaria como solicitar citas médicas, realizar o recibir pagos, realizar tareas escolares y enviarlas al aula digital, hablar con la familia o realizar actividades económicas y comerciales?

5. ¿Qué disposición tiene el Ministerio para analizar fórmulas para mejorar la conexión en zonas transfronterizas, especialmente la de la telefonía móvil y los datos móviles, como Tomiño en línea con lo propuesto por el Defensor del Pueblo Transfronterizo, y de estudiar opciones, como las ya existentes en otros países, con infraestructuras compartidas?

6. ¿Se compromete el Ministerio a dar una solución definitiva a las importantes deficiencias de cobertura telefónica en Tomiño lo antes posible?

Madrid, a 8 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

08 ABR. 2025 16:54:23

Entrada **64580**

Sobre os problemas de conexión de telefonía e datos móbiles
en Tomiño, concello transfronteirizo.

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos problemas de conexión telefónica móbil e de datos no Concello de Tomiño situado nunha zona transfronteiriza.**

Tomiño non conta cun servizo de telefonía móbil adecuado pola súa baixa cobertura, case nula moitas veces, que afecta a distintos núcleos de poboación do concello que suman máis de 7.000 habitantes, isto é, 50% do total do municipio.

En boa parte do territorio do concello a cobertura é nula, noutras, o sinal é moi débil, o que implica continuos cortes durante as conversas ou que a calidade da voz enviada e recibida sexa mala, cuestións ambas que dificultan enormemente o mantemento da comunicación.

Esta situación obriga a moitas das persoas afectadas a acudir ás conexións a través de operadoras portuguesas, pois o Concello de Tomiño limita a través do río Miño con Portugal, pero esta solución tampouco soluciona o problema por completo debido a que, nalgúns lugares, o seu sinal tamén chega de forma débil.

A situación de mala ou nula cobertura é especialmente grave nas áreas que rodean os núcleos de Freixoal, Pinzás, Cristelos, Vilachán do Monte, A Chan, Carregal, Forcadela, Sobrada, O Couto, Tollo, Fontenla, Amorín ou Currás. De feito, apréciase toda unha zona escura ao longo do río Miño que precisaría da adopción de medidas para pór fin á deficiente conexión dixital.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

08 ABR. 2025 16:54:23

Entrada **64580**



O chamado efecto fronteira deixa practicamente sen cobertura ás parroquias situadas na raia e próximas ao río Miño. A imposibilidade de conexión telefónica e de datos fai que, trámites tan comúns como pedir unha cita médica, realizar un pagamento ou recibilo, facer deberes escolares e envialos á aula dixital ou falar coa familia sexa inviábel.

Ademais, a falta de conexión móbil afecta, de forma moi importante, ás actividades comerciais e económicas, dentro das cales destaca o sector da floricultura e das plantas ornamentais, un dos principais motores económicos do Concello de Tomiño.

Tamén afecta negativamente á seguridade da condución, pois os miles de persoas que circulan a diario pola PO-552, vía que conecta a comarca do Baixo Miño coa autovía A-55, quedan sen cobertura neste tramo e, por tanto, sen acceso a aplicacións de navegación ou GPS.

Os veciños e veciñas das zonas afectadas explican que, para conseguir cobertura telefónica, teñen que ir até unha zona elevada, o que dificulta enormemente a súa vida diaria, especialmente no caso de persoas maiores, escolares, autónomos, negocios ou servizos médicos, así como a realización de trámites en liña, entre outros.

O Concello de Tomiño, grazas ao seu dinamismo económico e ás súas características segue gañando poboación mais, para poder ofrecer unha adecuada calidade de vida, tanto á nova como á veciñanza de sempre, é preciso ter un acceso á telefonía móbil e con conexión de datos de banda larga.

Por tanto, o Ministerio para a Transformación Dixital debería incluír entre as súas prioridades a mellora da comunicación e cobertura de telefonía móbil nas áreas transfronteirizas como a de Tomiño e, así, evitar o illamento de miles de persoas en pleno século XXI. De feito, lograr unhas boas telecomunicacións, tamén no ámbito rural, é unha das principais medidas para lograr frear ou reverter o despoboamento.

Desde 2020 o Concello de Tomiño realizou innumerábeis trámites e xestións dirixidos a lograr unha solución ao problema da falta de cobertura móbil. Así,



dirixiu escritos ás distintas operadoras de telefonía, á Subdelegación do Goberno de Pontevedra, á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, comunicando o mapa de zonas escuras de cobertura do concello, así como á Xunta, á FEGAMP e mesmo á Valedora do Pobo, sen que, polo momento, se teña coñecemento de se puxo en marcha algunha medida ou actuación para pór fin ao problema.

O propio Valedor do Pobo Transfronteirizo remitiu un escrito á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, explicando con detalle os problemas de desconexión que padecen as e os habitantes do municipio de Tomiño, en que tamén apuntaba a necesidade de estudar opcións específicas, como as que xa se aplican noutros países, de infraestruturas compartidas. Así, o Valedor do Pobo Transfronteirizo emprazaba ao Goberno a adoptar medidas para mellorar a conectividade en Tomiño, unha medida que reforzará a cohesión territorial, fomentará o desenvolvemento económico e social e a cooperación transfronteiriza entre o Estado español e o portugués.

Con todo, o Ministerio para a Transformación Dixital respondeu ao Valedor do Pobo Transfronteirizo nunha liña similar á contestación realizada ao BNG, limitándose a reafirmar o seu compromiso coa conectividade no ámbito rural para alcanzar unha maior cobertura dos servizos de telefonía móbil e de acceso a internet de banda larga. Porén, non ofrece ningunha solución á falta de conexión de telefonía móbil nas zonas próximas á fronteira de Tomiño. É máis, ven a dicir que, segundo os datos das operadoras, en Tomiño existe cobertura de telefonía móbil 4G ou 5G “proporcionada, no mínimo, por un operador”, ao tempo que admite que non comprobou se se trata de cobertura “en termos de calidade adecuada”.

Escúsase en cuestións relacionadas coa orografía do terreo ou a “perda de calidade no interior das vivendas” para alegar as zonas de sombra, sen ofrecer, en ningún momento, posíbeis solucións ou a súa disposición a estudar modelos como os mencionados polo Valedor do Pobo Transfronteirizo.



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Atendendo aos persistentes problemas de conectividade, apagamentos, desconexións, deficiente cobertura móbil e escuridade dixital que padecen moitos dos núcleos do Concello de Tomiño, afectando a máis de 7.000 persoas o que supón máis de 50% da poboación do municipio, que medidas está a estudar ou prevé executar o Ministerio para a Transformación Dixital que permitan dar solución á falta de cobertura móbil?
2. Sabe que moitas persoas acudiron, incluso, a contratar os servizos de operadoras portuguesas por ser zonas limítrofes con Portugal, máis que, mesmo así, as deficiencias persisten debido a que o sinal chega de forma débil?
3. É coñecedor de que a mala ou nula cobertura dáse especialmente nas parroquias situadas na “raia”, polo denominado “efecto fronteira”, detectándose unha zona escura de cobertura móbil ao longo do río Miño?
4. É consciente de que a falta de cobertura impide a realización de trámites comúns na vida diaria como solicitar citas médicas, realizar un pago ou recibilo, facer deberes escolares e envialos á aula dixital, falar coa familia ou levar a cabo actividades económicas e comerciais?
5. Que disposición ten o Ministerio para analizar fórmulas para mellorar a conexión en áreas transfronteirizas, especialmente a de telefonía móbil e datos móbiles, como Tomiño en liña co proposto polo Valedor do Pobo Transfronteirizo, e estudar opcións, como as que xa se dan noutros países, con infraestruturas compartidas?



6. Comprométese o Ministerio a dar unha solución definitiva ás importantes deficiencias na cobertura de telefonía en Tomiño o antes posíbel?

Madrid, a 8 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso